

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0LQ		<i>Fecha</i> 25-03-20 11:05

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/19/2020

15078DCMG14I0LQf
²15078DCMG14I0LQf&»
²15078DCMG14I0LQf&»

ACTA NÚM. 19 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA - URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 14 DE MARZO DE 2020.

No Salón Verde da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **12:30** do día **14 de marzo de 2020**, constitúese a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela en primeira convocatoria de sesión extraordinaria - urxente.

ASISTEN:

Como Presidente, Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS-AS:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez

D. Gumersindo Guinarte Cabada, como Concelleiro-Secretario.

Por invitación do Sr. Alcalde-Presidente asisten:

- Dona Esther Pedrosa Carrete, concelleira delegada de Deportes e Benestar Animal

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0LQ		<i>Fecha</i> 25-03-20 11:05

- Don José Manuel González García, Vicesecretario.
- Don Manuel Cutrín Domínguez, director da Asesoría Xurídica.

NON ASISTEN:

Non houbo ausencias.

ORDE DO DIA

- 1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.
- 2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

ACORDOS DA SESIÓN

1 .- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela **acorda por unanimidade dos seus membros presentes** ratificar a urxencia da presente convocatoria, por mor de que debido á premura na tramitación do asunto que se presenta para a súa aprobación non pode demorarse ata a celebración da súa próxima sesión.

2 .- ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COA CRISE SANITARIA PROVOCADA POR MOR DO "COVID-19".

ANTECEDENTES

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0LQ		<i>Fecha</i> 25-03-20 11:05

1º.- O Consello da Xunta de Galicia, en sesión extraordinaria celebrada no día de onte, acordou novas medidas excepcionais, complementarias das acordadas o 12 de marzo de 2020, destinadas a frear a expansión da epidemia do virus "COVID-19".

Entre as medidas adoptadas salientan as seguintes:

- A declaración de emerxencia sanitaria de interese galego.
- A activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga).
- A constitución dun Centro de Coordinación Operativa (Cecop) presidido polo Presidente da Xunta de Galicia.

2º.- A Xunta de Goberno Local da Cidade de Santiago, na sesión extraordinaria e urxente do día de onte, declarou a situación de extraordinaria e urxente necesidade como consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19.

Por outra banda, o Concello de Santiago de Compostela, tendo en conta os acordos do Consello da Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias e con respecto estrito á legalidade e no marco da imprescindible colaboración e lealdade entre Administracións, debe adoptar os acordos precisos para contribuír a limitar a a difusión da enfermidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, no seu art. 10, atribúelle aos concellos, no marco do sistema de protección civil e emerxencias de Galicia e sen prexuízo das competencias do Estado, a prestación dos servizos de protección civile a actuación inicial ante calquera emerxencia que aconteza.

A mesma norma, establece que lle corresponde aos concellos de máis de 20.000 habitantes a elaboración e aprobación do plan

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0LQ		<i>Fecha</i> 25-03-20 11:05

de emerxencia municipal e, en xeral, de calquera outros instrumentos de planificación de protección civil no ámbito municipal.

O plan de emerxencia municipal é, pois, o instrumento fundamental do que dispón o concello, no marco do sistema de protección civil e emerxencias de Galicia, para responder ás situacións de emerxencia que se manifesten no termo municipal.

2º.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispoñon no seu art. 25 que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños.

Doutro lado, no seu art. 26 a LBRL imponse aos concellos a prestación dunha serie de servizos obrigatorios e a lexislación sectorial en materia de cultura, deporte, sanidade e protección civil.

3º.- Nunha situación excepcional como a presente, resulta imprescindible e ineludible adoptar todas as medidas necesarias para loitar contra a expansión da enfermidade e velar pola protección da saúde dos cidadáns, no marco das competencias atribuídas ao concello e de acordo e complementariamente ás que adoptadas polas Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

ACORDOS:

Primeiro.- Activar o Plan de Emerxencia Municipal do Concello de Santiago de Compostela (Pemu) e, na súa consecuencia:

1º) Constituír o Centro de Coordinación Operativo Local (Cecopal), que está integrado por:

- Director do Pemu e presidente do Cecopal: o Alcalde ou, na súa ausencia e pola orde que se indica, a Primeira

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0LQ		<i>Fecha</i> 25-03-20 11:05

Tenente de Alcalde, dona Mercedes Rosón Ferreiro, e o Segundo Tenente de Alcalde, don Gumersindo Guinarte Cabada.

- Comité Asesor: estará integrado polos seguintes membros:
- A concelleira delegada de Urbanismo, dona Mercedes Rosón Ferreiro.
 - A concelleira delegada de Sanidade, dona Milagros Castro Sánchez.
 - O concelleiro delegado de Seguridade, don Gonzalo Muíños Sánchez.
 - A concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior, dona Marta Abal Rodríguez.
 - O xefe do S.E.I.S.
 - O xefe da Policía Local.
 - A responsable da Agrupación de Protección de Civil.
 - De ser preciso, e sen prexuízo do que dispoña o Goberno do Estado no Real Decreto polo que se declara o estado de alarma, poderán requirirse a presenza no Comité Asesor da Policía Nacional, Garda Civil, Unidade da Policía Nacional ascrita á Comunidade Autónoma de Galicia, Asemblea Local da Cruz Vermella e 061.
- Gabinete de información: estará integrado polo servizo de Prensa do concello, baixo a dirección de dona Iria Feijoo Regueiro.

2º) A activación do Plan de Emerxencia Municipal e a constitución e actividade do Cecopal efectúanse sen prexuízo da súa integración nas medidas que se adopten para a execución do Platerga ou no marco do disposto no RD que regule o alcance do estado de alarma.

Segundo.- En relación coa prestación dos servizos públicos funerarios:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0LQ		<i>Fecha</i> 25-03-20 11:05

Tomar razón do acordado no Consello da Xunta de Galicia do 12/03/2020 (DOG nº 49 bis do 12/03/2020) e no 13/03/2020 (DOG nº 50 bis do 13/03/2020) e trasladar á empresa contratista, de conformidade coa potestade de dirección prevista no art. 190 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público e no art. 127.1.1ª do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, as seguintes medidas a aplicar nas instalacións do servizo:

- Como medida adicional á de limitación a un máximo de 50 persoas do aforo nas instalacións do servizo, acordada pola Xunta de Goberno Local o 12/03/2020, establécense as seguintes:
 - Limitase a un máximo de 25 a presenza simultánea de persoas na capela do tanatorio.
 - Limitase a un máximo de 6 a presenza simultánea de persoas en cada sala- velatorio.

A presenza máxima de persoas calcularase incluíndo ao persoal que presta servizos nas instalacións.

Terceiro.- En relación coa prestación do servizo público urbano colectivo de viaxeiros:

Tomar razón do acordado no Consello da Xunta de Galicia do 12/03/2020 (DOG nº 49 bis do 12/03/2020) e no 13/03/2020 (DOG nº 50 bis do 13/03/2020) e trasladar á empresa prestadora do servizo, de conformidade coa potestade de dirección prevista no art. 190 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público e no art. 127.1.1ª do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, as seguintes medidas:

- Limitar a presenza simultánea nos autobuses do servizo a un máximo de 30 persoas, incluído o condutor do vehículo ou persoal adscrito ao servizo.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0LQ		<i>Fecha</i> 25-03-20 11:05

Cuarto.- Suspende, ata en tanto non se acorde o contrario, o prazo para a presentación de solicitudes para a matrícula de nenos nas escolas infantís municipais.

Quinto.- Suspende, ata en tanto non se acorde o contrario, a obriga de rotación de vehículos nas rúas incluídas no servizo de ORA.

Darase conta deste acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar para a súa convalidación.

Sexto.- Dar conta ao Pleno da Corporación e á Xunta de Voceiros destes acordos.

O Alcalde pecha a sesión ao fío das trece horas e quince minutos. Dou fe.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO**

Gumersindo Guinarte Cabada